Número 146
Mércores, 28 de febreiro do 2018
Publicación Mensual
da Diocese de Mondoñedo-Ferrol

dumio

FESTA DA MISERICORDIA

Seminario de Mondoñedo, 10 de marzo

"Igrexa Misioneira en Conversión"

Infórmate na túa parroquia

Coresma:

"A nosa misión necesita un corazón acendido"

Empezabamos o mes de febreiro coas celebracións da Candelaria (Vida Consagrada, imaxe na Catedral de Mondoñedo) e tamén do San Blas (imaxe na capela do santo en Vilaxoane, Foz) e o rematamos metidos xa en plena Coresma (mensaxe do noso Bispo na páxina dúas), preparándonos para a Semana Santa. Antes, o nove e dez de marzo, teremos as "24 horas para o Señor" e a Festa da Misericordia (páxina cinco). Todos e cada un de nós estamos chamados a participar. Fagámolo cun "corazón acendido".

Sumario

Páx. 2
Mensaxe de Coresma de Mons. Luis Ángel de las Heras Bispo de Mondoñedo-Ferrol

Páx. 3
Como se fai un cristián, por Antonio Rodríguez Basanta

Faragullas, Félix Villares

Páx. 4
Carta de Xaquín Campo ó seu amigo falecido Álvaro Rábade

Breves, Ana M. Barro

Páx. 5
"24 horas para o Señor" e Festa da Misericordia

Páx. 6
Cultura: Novo número de Estudios Mindonienses

Libros, Cine e Música

Páx. 7
Conversando con... Rolando Ruiz Durán por Pilar Lourido

Agradecemento de Manos Unidas

Páx. 8
Novas das Dioceses, Concha Quintela

Axenda

Suxerencias na rede, Carlos Alonso Charlón

CORESMA

“Nuestra misión necesita un corazón encendido”

Mensaje de Cuaresma de Mons. Luis Ángel de las Heras Berzal, CMF, Obispo de Mondoñedo-Ferrol

Nuestra misión necesita un corazón encendido en la caridad de Cristo. Un corazón que tenga el coraje de desgarrarse (cf. Jl 2,13), para estar en continua conversión, para secundar los anhelos que llevan a colmar la existencia humana con el compromiso histórico de cambiar la faz de la tierra. Un compromiso que vehicula la misión de anunciar a Jesucristo y construir su Reino.

Nos hace bien recorrer el camino cuaresmal cada año. Aparece delante de nosotros, casi por sorpresa, con la señal de la ceniza, y nos eleva hacia las ascuas bendecidas para encender la luz pascual, símbolo de Cristo Resucitado. Es un camino para resurgir, para hallar vida, para encontrarnos con quien es la Vida; para confrontarnos con nuestra propia verdad y con quien es la Verdad. Por eso, la senda pasa por rasgar el corazón. Para apartar de él cualquier sentimiento helado, cualquier violencia, rencor, resentimiento… todo mal latido. Y mantener así nuestras entrañas en continua conversión, en este ir caminando cada vez más al compás de los latidos del amor.

En su mensaje para esta Cuaresma el Papa Francisco nos previene ante los falsos profetas y ante un corazón frío. Cualquiera puede dejarse engañar y congelar el corazón. Es fácil, sobre todo si crees que no te va a ocurrir. Necesitamos un corazón encendido en la caridad de Cristo. Que sea el amor de Cristo el que —como sugiere bellamente Isaac de la Estrella— nos induzca a obrar o a dejar de obrar, a cambiar las cosas o a dejarlas como están (cf. ***Sermón 31***: PL 194,1292-1293).

¿Cómo podemos encender el corazón en la caridad de Cristo? ¿Con qué corajes y con qué anhelos? En primer lugar, hay que tener el arrojo de rasgar el corazón para alejar de él toda mentira y engaño, para asumir la propia verdad, con sus miserias y sus grandezas, sin confundirlas. De tal modo que logremos romper inercias que enfrían el corazón, dejándolo a merced de las heladas de la comodidad, la parálisis, la ceguera, el aislamiento, la injusticia, la corrupción... Si despertamos en nosotros

esta valentía, veremos crecer una aspiración generosa de renovación (cf. ***EG*** 26), una sincera disposición para que todo sea transformado, para querer verdaderamente ser curados, recobrar la vista, ser justos y honestos. Este coraje y este anhelo bien pueden ser nuestra oración durante la Cuaresma: una plegaria elevada al Señor sin esperar mayor recompensa (cf. Mt 6, 5) pero confiando en recibir de Su parte el don de un corazón de fuego para salir en misión.

En segundo lugar, para que la caridad de Cristo prenda en el corazón, es precisa la audacia de rasgarlo para eliminar de él la distancia con los pobres y necesitados, para desterrar cualquier actitud de exclusión, de descarte, de superioridad, de agresividad, de indiferencia, de rigidez... Todas estas actitudes son témpanos que lanzamos hacia el corazón de otros, pero que terminan por congelar el nuestro. Esta audacia alumbrará en nosotros un estilo de vida libre y dadivoso, capaz de acompañar, de ayudar, de ofrecer cercanía, proximidad, especialmente a cuantas personas se encuentren desamparadas o desesperanzadas, esclavizadas u oprimidas. Este coraje y este anhelo bien pueden ser nuestra limosna durante la Cuaresma, sin ruido de trompetas, sin que sepa la mano izquierda lo que hace la derecha (cf. Mt 6, 3), pero dejando que el cambio se transparente en los rostros de quienes somos tocados por la caridad de Cristo y por los pobres.

En tercer lugar, un corazón que se inflame en la caridad de Cristo ha de ser un corazón alegre. El que surge cuando tenemos el valor de privarnos de todo lo que es exceso que daña a la persona y la enfría. Tal privación nos dará a conocer lo que se siente cuando falta lo indispensable y aumentará en nosotros el deseo de la vida y la alegría que brotan del encuentro con Jesús. Este coraje y este anhelo bien pueden ser nuestro ayuno durante la Cuaresma, el gesto interno de desprendimiento que, con la cabeza perfumada (cf. Mt 6,17), nos permitirá mostrar el gozo que se aviva con el fuego del amor de Cristo.

El Padre Dios que está en lo escondido (cf. Mt 6,18) nos llevará por este camino cuaresmal —por el Camino, que es su mismo Hijo— hasta la hoguera de la Pascua de Cristo y del don del Espíritu Santo. En Dios siempre encontraremos el fuego de fundidor del único amor que colma todos los anhelos del hombre y da coraje para cambiar el propio corazón y el corazón del mundo, que necesita igualmente inflamarse de verdadera caridad. El corazón de Dios siempre está encendido: el nuestro lo estará si se acerca a la lumbre del amor divino y permanece allí con Él.

No desperdiciemos el tiempo que ahora es favorable (cf. 2Cor 6,2). Con esta llama misionera en las entrañas, merece la pena embarcarse un año más en la peregrinación eclesial de la Cuaresma. Caminemos con santa María Virgen, Madre de Dolor y de Esperanza. ¡Hasta la Pascua de Resurrección!

IGREXA

Como se fai un cristián

Antonio Rodríguez Basanta, Vicario Xeral

Esta tería que ser a pregunta que nos teriamos que facer nas nosas comunidades parroquiais cando abrimos as portas e acollemos a tantos nenos e rapaces —hoxe en día xa non tantos coma antes—, mandados polas súas familias, para facer a primeira comuñón ou para confirmarse. Tamén tería que ser a pregunta desas mesmas familias que envían ós seus fillos á catequese. Porque deso se trata precisamente: de "facer un cristián" ou, mellor, de iniciar a un cristián ou a unha cristiá.

Para apuntar unha resposta a esta pregunta tan complexa, habería que ter en conta o seguinte. Ante todo que ser cristián non depende principalmente de nós, de que un se empeñe ou se esforce por selo. Ser cristián, como a mesma fe cristiá, é un don de Deus que se nos ofrece gratuitamente, sen mérito ningún pola nosa parte: Deus é quen ten a primacía e a iniciativa. Xa o dicía o catecismo de antes: "son cristián pola graza de Deus".

Por outra parte, Deus respecta a nosa liberdade e conta coa nosa resposta consciente e libre. Non se é cristián por decreto lei nin porque o ambiente nos arrastre a ser crentes. Non hai, pois, outra maneira de ser cristián senón respondendo consciente, libre e agradecidamente a ese don ou chamada de Deus que un percibe dalgunha maneira ó longo da vida.

En terceiro lugar, un é cristián porque outro cristián o animou a selo. E dicir, porque houbo alguén —os pais, a familia, un sacerdote, un educador, un amigo, a comunidade cristiá, etc. —que estivo e está detrás, animando, acompañando e dando testemuño da súa fe. Nunha palabra: evanxelizando. Alguén dixo comparativamente que a evanxelización acontece cando un pobre lle di a outro pobre onde dan de comer. Pois ben, nós evanxelizamos cando lle dicimos a outros coma nós onde "dan de comer", é dicir: onde podemos satisfacer a nosa fame de realizarnos como persoas, de ser felices, de que a nosa vida encontre un sentido que vaia a pena. Porque deso se trata en definitiva.

Esta é a cuestión de fondo que descoñecemos ou esquecemos cando nos preocupamos ou mesmo nos angustiamos por outras cousas secundarias e prescindibles, e mesmo contraditorias co evanxeo de Xesucristo.

Mentres non vaiamos á raíz desta cuestión non lograremos o que pretendemos ou, mellor dito, Deus terá moitas dificultades e resistencias para levar a cabo a súa boa obra en nós. Para elo haberá que estar disposto a ser incomprendidos xa que pesa moito aínda a inercia dos costumes e tradicións, agravadas por unha sociedade consumista que todo o manipula e comercializa. A coherencia ten o seu prezo. E se non, mirémonos naquel, Xesucristo, que foi fiel e consecuente ata o final.

Faragullas

Félix Villares Mouteira

CURSIÑOS PREMATRIMONIAIS

Completando a información sobre cursiños prematrimoniais ofrecida no anterior número de Dumio compre sinalar que no arciprestado de Viveiro van ter lugar os días catorce, vinte e un e vinte e oito de abril no Centro Inmaculada Niña a partir das vinte trinta horas. No arciprestado de Xuvia, os primeiros cursiños xa tiveron lugar na igrexa de Nosa Señora do Carme en Valdoviño os días dezaseis e vinte e tres de febreiro, pero están previstos outros que se celebrarán os días dous e nove de marzo, ás vinte trinta horas.

VILALBA: INAUGURACIÓN DOS NOVOS LOCAIS DE CÁRITAS

Cáritas Interparroquial e Arciprestal de Santa María de Vilalba conta, desde o pasado día dez de febreiro, con novos locais sitos nas instalacións da Asociación "María Mediadora". Foron inaugurados polo bispo da diocese don Luis Ángel de las Heras Berzal que estivo acompañado do Vicario de Misión Misericordiosa e Samaritana, Gonzalo Varela Alvariño; polos párrocos "in solidum" de Santa María de Vilalba, Antonio Domínguez Martínez, Uxío García Amor e Juan Pablo Alonso Rolle e por un bo grupo de voluntarios. O acto de inauguración comezou ás doce da mañá cunha Eucaristía ó final da que se homenaxeou a Sara Jato e a Uxío García Amor pola súa dedicación a Cáritas nos últimos anos. Este último acaba de ser substituído á fronte desta Cáritas por Juan Pablo Alonso Rolle. O horario de atención ós usuarios vai ser os mércores de 11,30 a 13,30 da mañá. Haberá unha traballadora social de Cáritas diocesana e o grupo de voluntarios de Cáritas Interparroquial. Están en mente varios proxectos: dar vales para alimentos perecedeiros, organizar cursos que favorezan a integración das persoas... Tamén se continuará pagando recibos e axudas de aluguer. "Nunca damos dinero en mano al usuario. Se pagan los servicios directamente al proveedor o través de vales, como el caso de los alimentos", manifestou Juan Pablo. Son en total unhas setenta persoas as que reciben axuda de Cáritas Interparroquial de Vilalba. O final do acto de inauguración os asistentes compartiron uns pinchos.



PREGÓNS DE SEMANA SANTA NA DIOCESE

Logo chega a Semana Santa e en varias localidades da diocese están programados, dentro das distintas actividades, os pregóns. A continuación vou facer referencia a aqueles dos que me chegou información. Van ir por orde cronolóxica. Na igrexa parroquial de Santa Marta de **Ortigueira** o pregón vai ter lugar o venres, día nove de marzo ás vinte horas. O pregoeiro vai ser D. Luis Ángel de las Heras Berzal, bispo de Mondoñedo-Ferrol. En **Ferrol** o pregón terá lugar o sábado, dez de marzo, ás vinte trinta horas, na Concatedral de San Xiao, e o pregoeiro, elexido pola Junta General de Cofradías y Hermandades de la Semana Santa de Ferrol e confirmado polo bispo da diocese, vai ser Francisco de la Iglesia. En **Mondoñedo** o pregón tamén ser pronunciado polo bispo da diocese, monseñor de las Heras Berzal, o día vinte e un de marzo, ás oito e media da tarde no salón de actos da Casa da Xuventude. En **Ribadeo** o pregón vai ter lugar na igrexa parroquial de Santa María do Campo o día vinte e catro de marzo, ás vinte trinta. O pregoeiro será don Luis Ángel de las Heras Berzal. Por último, en **Viveiro,** o pregón vai ser no marco do Teatro "Pastor Díaz" o día vinte catro de marzo, ás oito e media da tarde e será prununciado por Luis de Carlos Bertrán.

IN MEMORIAM

Tómame a min coa miña historia, Señor

Carta de Xaquín Campo Freire co gallo do pasamento do sacerdote e colaborador de Dumio Álvaro Rábade Romeo o pasado dezasete de febreiro

Querido Álvaro:

Non máis saber do teu pasamento quíxenche expresar o meu afecto e gratitude persoal. E quero aínda achegarme outra volta a ti para falarche desde o fondo da miña alma porque o esencial é invisíbel e só se ve desde o corazón.

O día dezanove, segunda feira, despediámonos na capela grande do noso Seminario de Mondoñedo. Vouche confesar que desde a mañanciña tiña comigo unha carga emotiva moi fonda, porque había máis. Polo serán tería de oficiar en Loiba a despedida de José Antonio Dopico Piñeiro, meu condiscípulo, co que me sentín moi unido desde o inicio por algo especial que nos unía: os dous eramos orfos de nai, desde moi picariños. E o que significa iso só o sabemos os orfos de nai. Os demais ollan desde fóra ou compadécennos.

Pedíronme que proclamara o Evanxeo, disque por termos sido "parochi viciniores". Está ben. O funeral foi exquisitamente polo libro. Nada que obxectar. Para min non o quero así. Pero eu hoxe estou a falar contigo de min e de ti. Estiven toda a misa cos ollos pechados e disimulando o secado das bágoas.

A capela, a dos domingos na nosa formación por longos anos. A das órdenes sucesivas dos que iades diante. E pouco a pouco, "os traballos e os días" foron achegándonos á nosa xeira.

Emocionados viamos como iades saíndo con ilusións para as parroquias cun afán inmenso de arranxar mundo. Aquel mundo tan noso: rural, mariñeiro, obreiro, urbano, vilego, etc.

Sabiamos ben que a evanxelización pasaba tamén por escolas, estradas de terra, luz eléctrica, vida, morte, desgrazas, festas, romarías, vida familiar, servizo militar, feiras, etc. Fomos formados para que nos doera profundamente ese mundo que era o noso. Por veces deformados. Prohibíannos falarmos na nosa propia lingua.

Tamén todos nós estivemos chamados ás misións, aínda que logo ao final non sempre nos deixaran cumprir esa chamada. Aquí tamén había moita "misión de Deus": Pobreza, miseria da posguerra, fame, emigracións, etc.

A "vida espiritual" era intensa. Un pouco subida nas nubes e distante da realidade que se vivía en propia carne. Pero coa chegada do Concilio Vaticano II a cousa cambiou e xa brillou máis a esperanza. Foi un esforzo enorme por reciclarnos a toda marcha cos poucos materiais que ían saíndo. Todo era moi precario.

Biblia, catequese, liturxia, doutrina social da igrexa, pastorais, movementos especializados de AC, Cursiños de Cristiandade, etc. Foi un traballo persoal e diocesano verdadeiramente exemplar. Tamén estudos civís para mellor responder a un mellor servizo parroquial.

Estoute a ver en Vilapedre, Naraío, Igrexafeita, A Cabana, Doniños, e en tantas outras tarefas nas que entregaches alma vida e corazón. Loado sexa Deus en ti, compañeiro.

Pero o que xa me puido totalmente foi verte saír paseniño polo corredor central naquela plataforma ata a porta grande. Tiven de pórme cara á parede. Foi a primeira vez que da "nosa casa" vin saír a un de nós cara ao alén. Sempre saímos cheos de xuventude para anunciar o Reino de Deus. Non o puiden remediar, meu Álvaro.

Un compañeiro perguntoume: Que che pasa? Estou emocionado, dixen. Queriamonos.

Ai!, Álvaro, a nosa vida, por sorte non colle nun nicho. Reza por min, por nós, pola diocese, pola nosa Galiza. España e o mundo forman parte de nós. E os refuxiados e todas as pobrezas, incluídos os cárceres, as mulleres, os orfos, as vítimas, os abusados e abusadores, etc. Veña para nós o teu Reino!

O presbítero Álvaro Rábade Romeo (Saavedra, 1929 - Mondoñedo, 2018). R.I.P.

Houbo unha cousa, para rematar menos transcendente, que me fixo graza de ti. O teu correo electrónico: "alvaroraro". A verdade é que sempre fuches moi profético. Porque a nosa vida certamente e rara rara. Pero é a nosa. Se conservas o enderezo mandareiche artigos desde aquí. Terás de lélos, Non si?

Entendes agora: Tómame a min coa miña historia, Señor?

Graciñas, amigo Álvaro. Eu tardo catro kilómetros. Déixate ver cando chegue.

Bicos. Xaquín

Breves

Ana M. Barro - Agencias

LA APASIONANTE VIDA DE SAN MAXIMILIANO KOLBE ES LLEVADA AL CINE

La película "Dos Coronas" relata la apasionante vida de San Maximiliano Kolbe, un sacerdote polaco que fue asesinado por los nazis en el campo de concentración de Auschwitz durante la Segunda Guerra Mundial, cuando ofreció cambiar su vida por la de un padre de familia que iba a ser ejecutado. En el filme, que se estrenará el 18 de mayo, se cuenta cómo dedicó su vida a la evangelización, fundó dos periódicos y organizó una imprenta en Polonia. Años después se trasladó temporalmente a Japón para evangelizar y allí editó hasta ocho revistas católicas.

Durante la invasión nazi de Polonia, San Maximiliano fue detenido y llevado como prisionero primero a una cárcel en Varsovia y luego a Auschwitz.

A finales de julio de 1941, uno de los prisioneros escapó de ese campo de concentración. La norma dictaba que diez presos deberían morir por cada prisionero que escapara. Entre los diez elegidos para morir por la fuga se encontraba un sargento polaco, que al oír su nombre dijo en voz baja: "Pobre esposa mía, pobres hijos míos". San Maximiliano escuchó estas palabras y alzando la voz dijo al coronel de la SS: "Soy sacerdote católico polaco, querría ocupar el puesto de este hombre".

AÑO JUBILAR PARA LA ORDEN DE LA MERCED POR SUS 800 AÑOS

El Año Jubilar Mercedario fue concedido por el Papa Francisco y se desarrolla desde el 17 de enero de 2018 hasta la misma fecha del año 2019, cuando cerrará la puerta del Jubileo. Durante el Año Jubilar mercedario se puede conseguir indulgencia plenaria si se realizan los pasos habituales que son la confesión sacramental, la comunión eucarística y la oración por las intenciones del Papa.

NIÑO PIDE REGALO "ESPECIAL" POR SU COMUNIÓN Y HACE FELICES A CIENTOS EN LA INDIA

Rubén tiene 9 años y es uno de los miles de niños que cada año hacen la Primera Comunión en todo el mundo, pero él tenía claro que por ese gran día tan sólo quería un regalo. Por eso distribuyó a través de Whatsapp entre los invitados, una carta en la que explicaba, de su puño y letra, que estaba "muy contento" de compartir con todos ellos su "gran encuentro con Jesús". "Gracias a Dios, tengo todo lo necesario así que he pensado que si queríais hacerme algún regalo por este día podéis darle mucho más fruto haciendo una donación anónima para un proyecto de Manos Unidas en el que estoy colaborando", precisaba el pequeño. Y explicaba que el proyecto consiste en la "compra e instalación de placas solares en una casa de acogida para niñas de la India". Pues bien, gracias a la generosidad de este pequeño esta ONG recibió 7.075 euros.

Francisco convoca las "24 horas para el Señor" en su Mensaje para la Cuaresma

Se seguirán en Ferrol y en Mondoñedo, donde también se celebrará la Fiesta de la Misericordia

Rubén Amor

El pasado 6 de febrero, el Papa Francisco hacía público su Mensaje para la Cuaresma de esta año, con el título "Al crecer la maldad, se enfriará el amor en la mayoría", título inspirado, como el propio pontífice indicaba, "en una expresión de Jesús en el Evangelio de Mateo" (Mt 24, 12), pasaje en el cual Jesús, como nos relata el Papa, "anuncia una gran tribulación y describe la situación en la que podría encontrarse la comunidad de fieles: frente a acontecimientos dolorosos, algunos falsos profetas engañarán a mucha gente hasta amenazar con apagar la caridad en los corazones, que es el centro de todo el Evangelio".

A continuación, Francisco detalla quiénes son, hoy en día, algunos de esos falsos profetas: el placer momentáneo (que confundimos con la felicidad, aunque poco tenga que ver), el dinero (que acaba por esclavizar al ser humano), el creer que uno se basta a sí mismo (que tan sólo nos conduce a la soledad)… y tantos otros falsos profetas que acechan la vida del cristiano. "Cada uno de nosotros, por tanto, está llamado a discernir y a examinar en su corazón si se siente amenazado por las mentiras de estos falsos profetas".

24 horas para el Señor: 9 y 10 de marzo

Afortunadamente, la Iglesia nos ofrece en este tiempo de Cuaresma "el dulce remedio (así lo llama el Papa) de la oración, la limosna y el ayuno". Y es en este contexto, en el que el Santo Padre realiza el anuncio, un nuevo año, de las "24 horas para el Señor", para desarrollarse entre el viernes día 9 y el sábado día 10 de marzo, tomando la inspiración del Salmo 130,4: "De ti procede el perdón". En cada diócesis, señala el Papa, "al menos una iglesia permanecerá abierta durante 24 horas seguidas, para permitir la oración de adoración y la confesión sacramental".

De tal forma, en nuestra diócesis de Mondoñedo-Ferrol, esta iniciativa de oración y penitencia será seguida en los distintos templos de Mondoñedo y en la Capilla del Convento de las Esclavas del Santísimo y de la Inmaculada en Ferrol.

Según nos detalla Ramón Martínez Blanco, Responsable de Información del Arciprestazgo de Ferrol, en la Capilla de las Esclavas se llevará a cabo una Adoración continua del Santísimo el viernes 9 de marzo, desde las dos de la tarde y hasta las diez de la noche. Mientras que en Mondoñedo, el acto se desarrollará desde ese viernes a las dos de la tarde y hasta la misma hora del día siguiente, sábado.

Fiesta de la Misericordia: 10 de marzo en el Seminario Santa Catalina

Además, en el Seminario Santa Catalina de Mondoñedo, tendrá lugar ese sábado, día 10 de marzo y presidida por el Obispo de Mondoñedo-Ferrol, la Fiesta de la Misericordia, que organizan conjuntamente la Vicaría de Misión Misericordiosa y Samaritana y la Vicaría de Evangelización, encabezadas respectivamente por Gonzalo Varela Alvariño y Antonio Valín Valdés. Esta jornada festiva de la Misericordia está abierta a todos (parroquias, unidades pastorales, comunidades, grupos, movimientos, etc.) y a cada uno de nosotros. Y, desde estas líneas, animamos a que participen también niños y niñas, ya que habrá actividades específicas para ellos. Desde la organización nos indican que, por favor, todos los interesados en participar lo comuniquen antes del 4 de marzo, llamando a la Domus Ecclesiae (981 353 295, pueden preguntar por Carlos) o enviando un correo electrónico a mcs@mondonedoferrol.org

El programa de esta Fiesta de la Misericordia (10 de marzo) es el siguiente:

10:30 h. Acogida y café en el Seminario
11:00 h. Breve reflexión
11:40 h. Descanso
12:00 h. Celebración del perdón en la Catedral
13:30 h. Comida en el Seminario
15:00 h. Café - concierto testimonio
16:30 h. Despedida y final del encuentro

Nos indican también que, para asistir a la Fiesta de la Misericordia en Mondoñedo, el Arciprestazgo de Ferrol pondrá un autobús. Ver la información adicional sobre los puntos de recogida.

Bus desde Ferrol

HABRÁ UN AUTOBÚS QUE SALDRÁ A LAS 8 : 30 DE LA MAÑANA DE CARANZA, CORREOS, ROBERTO, MERCEDARIAS Y LA FLORISTA DEL CASTILLO (CATABOIS)
COMIDA EN EL SEMINARIO
REGRESO A LAS 4 : 30 DE LA TARDE
PRECIO: 20 € (PLAZAS LIMITADAS)
APUNTARSE Y PAGAR EN LAS PARROQUIAS
FECHA LIMITE: 4 DE MARZO

CULTURA

Novo número de *Estudios Mindonienses*

Félix Villares Mouteira

O número trinta e dous do anuario *Estudios Mindonienses*, correspondente ós anos 2016-2017, está a piques de ver a luz. É unha publicación do Cabido da Catedral de Mondoñedo e do Centro de Estudios da Diocese de Mondoñedo-Ferrol. Este volume abarca dous anos por falta de financiación. Desde a dirección agárdase que esta circunstancia se poida superar e no ano 2018 se recupere a perioricidade anual. Trátase dun volume de setecentas vinte páxinas.

Este volume é o primeiro que se publica no pontificado do Excmo. e Rvdmo. Sr. D. Luis Ángel de las Heras Berzal, bispo de Mondoñedo-Ferrol. O director de *Estudios Mindonienses*, Ramón Otero Couso, di na presentación "Sirva, pues, este anuario como ofrenda cariñosa al que, constituido Padre y Pastor, impulsará desde ahora la vida de esta comunidad diocesana. Ad multos annos..."

No ano 2016, dous colaboradores de *Estudios Mindonienses* desde os primeiros números pasaron á Casa de Deus: D. José Luis López Sangil e monseñor don Enrique Cal Pardo. Ambos eran membros do Consello de Redacción e as súas extraordinarias aportacións contribuíron a prestixiar o anuario. De aí que as dúas primeiras colaboracións deste número trinta e dous estean dedicadas á memoria destes dous investigadores. Son dous pequenos traballos de Félix Villares Mouteira: *Enrique Cal Pardo. In memoriam* e de Carlos de Castro Álvarez: *José Luis López Sangil o la pasión por Santa María de Monfero*.

Case todas a zonas da diocese de Mondoñedo-Ferrol están presentes neste esperado número. Así da zona de Ferrol están os traballos de Pedro Javier González Rodríguez: *La formación del colegio y la aprobación de las ordenanzas del gremio de plateros de Ferrol*; de Josefina Sánchez Cons: *Arquitectos y maestros de obras en el arciprestazgo de Xuvia a través de la documentación*; de Margarita Sánchez Yáñez: *Historia de San Sadurniño en el siglo XVIII*, y de José Álvaro Porto Dapena: *Un topónimo valdoviñés: Frouseira, de 'Frondia', que no Frouxeira, de 'Fluxos'*.

Da comarca de Ribadeo está o traballo do recentemente finado José María Rodríguez Díaz: *Don Secundino Martínez Montenegro, o cura vello de Ribadeo*.

As terras de Vilalba, na Terra Chá, chegan da man de David Corral Díaz: *Conficto en terras de Xoibán (Vilalba), en 1505, entre o conde Vilalba e a Audiencia de Galicia por competencia de xurisdición*.

Sobre Viveiro aparecen os seguintes traballos: de Santiago Pardo de Cela e de Carlos Adrán Goás: *Escribanos y notarios de Viveiro en la Edad Moderna (siglos XV al XIX)*; de Ángel Arcay Barral: *Las efemérides vivarienses de Jesús Noya y su legado en el Archivo del Museo Provincial de Lugo*, e de Francisco Javier Martínez Prieto: *Presentación y transcripción del expediente sobre la demolición y el arrasamiento de la iglesia románica de Santiago de Viveiro en 1840*.

Neste volume aparecen tamén tres traballos sobre temas filosófico-teolóxicos: un, de Manuel Recuero Astray: *Sobre historia de las religiones reflexiones y perspectivas)*; outro, de Jorge de Juan Fernández: *La subsidariedad como principio de orden social*, e un último, de Antonio Gavín Rodríguez: *Breve análisis crítico sobre la doctrina de Prisciliano*.

Pechan este número tres recensións feitas polo profesor Carlos de Castro Alvarez.

É este un volume moi na liña dos trinta e un anteriores e que certamente non desentona de todo o conxunto.

Jesucristo 2.0

Francesc Torralba, PPC, Madrid 2012, 304 páxinas.

Estamos ante un relato, razonado e razonable, dunha experiencia crente, dunha experiencia persoal de relación con Xesús de Nazaré. Como o mesmo autor di: "Quero pronunciarme… sobre o fondo das miñas crenzas, sobre a sustancia da miña vida espiritual, algo íntimo e secreto… facer explícito o contido da miña fe".

Artellado en seis apartados, aborda temas como a opción por Cristo, onde se aproxima ao Cristo interior, ético, cósmico, desesperado… todo desde un talante evanxelizador propositivo, nunca impositivo.
Un libro que pode axudar ao lector a re-pensar a súa fe e as opción básicas á luz dun discurso razonable, riguroso, impregnado da cultura actual sobre aquilo que é fonte do sentido da vida dun crente en Xesús.



La Buena noticia app

App gratuita da Editorial Verbo Divino é una ferramenta sinxela habilitada para móviles, tabletas e dispositivos portátiles.

Presenta as lecturas de cada día, cun pequeño comentario que invita á oración. Ofrece tamén oracións e un video sobre o evanxeo de cada domingo.

Máis información e descargas en
www.buenanoticiaverbodivino.com

Ganar al viento (Francia, 2018)

Dirección: Anne-Dauphine Juliand

Película documental sobre o poder da vida e a capacidade de recuperación. O film conta a historia de cinco nenos dispostos a compartir a súa vida cotiá, as dúbidas e alegrías. Estes nenos teñen unha particularidade: todos foron diagnosticados con patoloxías graves, que poden acabar en calquera momento coas súas vidas, que os fan moi maduros e conscientes do momento que viven e do poder "do agora". A pesar de todo, seguen a ser nenos.





ENTREVISTA

Conversando con...

Rolando Ruiz Durán

Pilar Lourido

Rolando Ruiz es misionero javeriano, sacerdote y religioso y natural de México, aunque tiene su corazón en África. Terminó sus estudios teológicos en Yaundé -capital de Camerún y denominada "la ciudad de las siete colinas"-. Aquí fue ordenado diácono y, después de un tiempo de misión, se licenció en Teología Espiritual por la Universidad Pontificia de Comillas. Su tiempo en "la misión" le ha llevado a vivir seis años en Camerún y nueve en Chad, donde ha conocido de cerca varios proyectos de Manos Unidas sobre alfabetización en la lengua musey, dispensarios médicos, un molino para un grupo de mujeres... En la diócesis de Pala ha formado parte del comité de administración del BELACD, una ong diocesana que dialogaba con Misereor y la Fundación Cardenal Leger para la elaboración del plan de desarrollo diocesano de Agricultura, Salud, Educación y Sida. Desde hace siete años su compromiso javeriano está vinculado a la animación misionera y a Manos Unidas. Ha visitado nuestra diócesis con motivo de esta última campaña. También ha hecho un hueco para dialogar con Dumio.

Rolando, ¿cuál es el carisma de un misionero javeriano?

El carisma misionero javeriano se centra en el anuncio exclusivo del Evangelio a los no cristianos. Inspirados en San Francisco Javier, nuestro fundador Guido María Conforti, santo y obispo (1865-1931) acoge de Javier lo misionero, no lo jesuita. Somos religiosos y tenemos cuatros votos, los tres que ya se conocen (castidad, pobreza y obediencia) y el cuarto es el de entregar nuestra vida a la misión Ad Gentes, es decir, el anuncio del evangelio a las personas y ámbitos que aún no conocen a Cristo. Es por ello que en España no tenemos comunidades apostólicas, fuera de nuestras dos casas de animación misionera (Madrid y Murcia). Lo nuestro es promover la misión y enganchar a ella. El lema se resume en "Hacer del mundo entero una familia de hermanos".

¿Tu experiencia en África te ha enseñado?

Es muy difícil describir una profunda experiencia que me ha marcado en pocas letras. Llegué siendo aún joven estudiante de teología, ahí me he ordenado diácono, entre Camerún y Chad he vivido años preciosos. Una aventura humana hermosa, porque en esa aventura ha estado presente Dios. Necesidad de dejarse conquistar por la nueva realidad llena de valores, lenguas distintas y culturas variadas. Ahí está Dios, en ellos, en su sed de Dios, en su humanidad rica de valores y de deseos de una mayor dignidad. Caminando a ritmo africano se entiende el proceso de encarnación de Cristo, que dejó la casa paterna y su condición de Dios, para hacerse uno de nosotros. Había que vivir ahí ese estilo de Jesús, dejarse hacer

nuevamente y descubrir ahí un nuevo rostro de Jesús. Una mujer me preguntó ¿por qué estás aquí lejos de tu familia y de tu país? La miré y le dije, porque somos hijos del mismo Padre y tú eres mi hermana, no podía dejarte sola. Ella se ha sonreído y me dijo en lengua musey: "Nijiviya", que quiere decir, eso es bonito. Hacer del mundo una familia de hermanos que tienen a Dios por Padre… Eso me ha enseñado África, y estoy enamorado de ella. Algunos me dicen ¿por qué? Yo les respondo, porque sucede así cuando te enamoras, habrá otras muchas chicas, pero una es la que hace latir tu corazón. Y esta África hace latir mi corazón y descubrir el rostro de Dios que yo no conocía.

Desde hace varios años tu compromiso misionero es con Manos Unidas, ¿por qué?

Bueno, pues, yo he vivido en Camerún y Chad, y he visto algunos proyectos de Manos Unidas, de verdad que esto es una manera de anuncio del Evangelio. Preocuparse porque otros hermanos tengan mayor oportunidad de dignificar su vida, eso es Evangelio. Algunos me decían, ¿por qué nos ayuda a nosotros Manos Unidas? Porque somos hermanos y como hermanos echamos siempre una mano a los otros hermanos. Porque así como ellos se interesan en nosotros, nosotros podemos interesarnos en ellos. El Evangelio se hace vida concreta cuando las necesidades de los demás se vuelven nuestras necesidades. Por eso, hoy aquí, en España, yo no dejo de pensar que debemos seguir concienciando del valor profundo de la solidaridad. Nos hace más personas. Y al vivir nuestra humanidad vivimos nuestra vocación de plenitud porque nos hace más semejanza de Dios.

El lema de la campaña de este año es una llamada a... ¿razones para colaborar económicamente con Manos Unidas?

Yo creo que lo económico es lo último, lo primero es cambiar nuestra manera de vivir y estilo de vida, ¿por qué yo sí tengo derecho a vivir bien y los otros no? ¿Por qué yo sí lucho por mejores oportunidades para mayor calidad de vida para nuestro medio social y yo no podría hacer lo mismo para que este mundo sea mejor? Que podamos decir, yo contribuyo para que este mundo sea siempre mejor, en otras palabras que el Reino de Dios se haga presente de manera concreta en todos los lugares de sombra. Y ahora sí, contribuir económicamente es la consecuencia lógica de lo anterior. Ahí está todo. Gracias por que con la ayuda económicamente hay mayor posibilidad para más gente de dignificarse. No habremos cambiado el mundo, pero sí habremos contribuido a que poco a poco vaya actuando el cambio, un mundo mejor para todos.

"Queremos agradecer a todos la buena acogida de nuestra campaña Comparte lo que importa"

Manos Unidas Mondoñedo-Ferrol

Con el objetivo de dar a conocer el mundo en el que estamos trabajando, hemos traído al misionero Rolando Ruiz con el fin de que nos transmitiese su experiencia en parte de este mundo (Camerún y Chad) y así conocer, al menos en parte, las realidades de pobreza en la que viven más de 800 millones de personas (en los últimos años ha subido el número de los que pasan hambre).

Nuestro más sincero agradecimiento al Sr. Obispo, don Luis Ángel, por estar con nosotros en esta campaña, a la Domus Ecclesiae por ser un hogar para el misionero durante su estancia, a los párrocos que le han acogido con tanta cercanía para que celebrase la eucaristía en sus parroquias: Concatedral de San Julián, Nuestra Sra. del Carmen, Nuestra Sra. del Pilar, El Divino Salvador de Serantes, San Pedro Apóstol y Nuestra Señora del Rosario. A todos los sacerdotes de la Diócesis por haber colaborado de una forma u otra en nuestra campaña.

Y qué decir de los colegios que colaboran con actividades como bocadillos solidarios, chocolate, arroz, tómbolas, como también el catecumenado de Viveiro con su bocadillo solidario…. ¡Muchas gracias a todos!

No nos olvidamos de los medios de comunicación que han querido hacer un hueco a Manos Unidas: Dumio, Cadena Cope, Diario de Ferrol, La Voz de Galicia, El Progreso y Canal 31 Tv Ferrol.

Las aportaciones que están llegando irán destinadas al proyecto que lanzamos en la campaña, "Formación de familias campesinas para conseguir una agricultura sostenible", en El Salvador, del que se beneficiarán 95 familias de forma directa y 570 personas de forma indirecta. En esta ocasión, nuestro socio local es la Pastoral de la Tierra de Cáritas Zacatecoluca; ellos se encargarán de hacer el seguimiento para la realización de dicho proyecto.

Pedimos al Señor que todas nuestras manos sigan unidas para poder erradicar el hambre.

CONTRAPORTADA

Dioceses

Concha Quintela

PROVINCIA ECLESIÁSTICA DE SANTIAGO

NOTA DOS BISPOS ANTE A SOLEMNIDADE DE SAN XOSÉ

A persoa e a vida de San Xosé teñen na historia da nosa salvación unha importancia que foi recoñecida sempre pola sagrada Liturxia e as leis canónicas ao propoñer a súa festa como día de precepto (cf. canon 1246). A Igrexa venérao con especial honra como patrón, a quen o Señor constituíu sobre a súa familia. Tradicionalmente o pobo cristián secundou esta norma dando un significativo realce familiar e social á festa do 19 de marzo.

Neste ano de 2018, este día foi declarado laborable na Comunidade Autónoma de Galicia. Ante a necesidade de fixar claramente o tratamento que dita festa debe ter por parte da comunidade católica, os Bispos da Provincia Eclesiástica de Santiago acordamos manter nas Dioceses respectivas o carácter festivo deste día. En consecuencia, e para coñecemento dos fieis, dispoñemos:

1. Manter o 19 de marzo, solemnidade de San Xosé, festa de precepto, coa obrigación de participar na Santa Misa, aínda que sexa laboralmente hábil.
2. Aqueles fieis que teñan xornada laboral ordinaria quedan dispensados do precepto, aínda que se lles pide e recomenda vivamente a participación na Eucaristía dese día de festa dedicado a San Xosé, Esposo da Virxe.
3. Pedir, igualmente, aos párrocos e reitores de igrexas que informen os fieis con antelación destas decisións e acomoden no posible os horarios de misas ás posibilidades e necesidades dos fieis.
4. Ao coincidir a celebración do Día do Seminario coa festividade de San Xosé, a oración e a colecta para o Seminario Diocesano serán trasladadas á tarde do sábado, día 17, e ao domingo, día 18 de marzo.
5. Seguindo o calendario litúrxico, a Solemnidade de San Xosé celebrarase unicamente ao longo do día 19 de marzo.

XORNADA DE FORMACIÓN DE VOLUNTARIOS DAS CÁRITAS GALEGAS

O "Voluntariado Xuvenil en Cáritas" é o lema da Xornada de Formación para directivos, responsables e voluntarios das Cáritas galegas que se celebrou en Santiago de Compostela o sábado 24 de febreiro. O encontro, que tivo como marco o Colexio La Salle, foi moderado por Emilio López Salgas, responsable de Voluntariado de Cáritas Española. Nunha carta de presentación o director de Cáritas Diocesana de Santiago, José Anuncio Mouriño Rañó, responsable da organización do evento, recordou a importancia da formación que "redunda na mellora do servizo que prestamos en Cáritas".

Axenda

MONDOÑEDO: FESTA DE SAN ROSENDO

O un de marzo vai celebrarse a solemnidade de San Rosendo, patrono da diocese de Mondoñedo-Ferrol, da que foi bispo. Co gallo desta festa, ás doce e media da mañá, na Catedral Basílica de Mondoñedo, vai ter lugar unha Eucaristía que vai presidir o bispo da diocese, don Luis Ángel de las Heras, e na que concelebrarán os membros do Cabido e varios sacerdotes máis.

MISA POR ÁLVARO RÁBADE ROMEO

O sábado tres de marzo, ás doce do mediodía, celebrarase na capela antiga de San Antón de A Cabana unha misa polo eterno descanso do sacerdote Álvaro Rábade Romeo.

INAUGURACIÓN DA EXPOSICIÓN DA SEMANA SANTA EN BURELA

O día oito de marzo, xoves, ás oito da tarde, a igrexa parroquial de Santa María de Burela vai acoller a inauguración dunha exposición sobre a Semana Santa e a presentación do cartel do ano 2018. Vai presidir o bispo da diocese.

VILALBA: XUNTANZA DO CONSELLO DIOCESANO DE CÁRITAS

O luns, día doce de marzo, ás seis da tarde, o Centro Parroquial de Vilalba vai acoller a xuntanza do Consello Diocesano de Cáritas de Mondoñedo-Ferrol. Estará presente o bispo da diocese.

MISA CRISMAL

A Santa Igrexa Catedral Basílica de Mondoñedo vai acoller o Martes Santo, día vinte e sete de marzo, ás once da mañá, a celebración da Misa Crismal na que don Luis Ángel de las Heras Berzal, bispo da diocese, preside a Eucaristía e consagra, xunto cos membros do presbiterio asistentes, o Santo Crisma (úsase nos Sacramentos do Bautismo, Confirmación e Orde Sacerdotal) e bendí o Óleo dos Catecúmenos (úsase no Bautismo) e ó Óleo dos Enfermos (emprégase no sacramento da Unción de Enfermos).

Internet y Redes Sociales

Por Carlos Alonso Charlón, director de la página web y redes sociales de la diócesis

Los tuits del papa Francisco

ENERO@pontifex_es

- Solo quien sabe reconocer sus propios errores y pedir perdón recibe la comprensión y el perdón de los otros **17-feb**
- Los enfermos han de ser amados siempre en su fragilidad, y respetados en su inviolable dignidad **11-feb**
- Acojamos con espíritu de misericordia a las víctimas de la trata y a quienes huyen de la guerra y del hambre **8-feb**
- Todos estamos llamados a esforzarnos para proteger a los menores en el mundo digital **6-feb**

FUERON TENDENCIA

Twitter

Tweet principal tuvo 2.257 impresiones

AGENDA HOY | Conferencia: 'Se buscan #Influencers': la #Iglesia al encuentro de los jóvenes', por @JOSELEBELTRAN @Revista_VN. #Ferrol @Afundacion_org , 20h.

#Hagshtag #AulaAberta2018 #IglesiaYJóvenes bit.ly/2DbZxaj pic.twitter.com/IrQRwgmASq

Facebook

Se ha llegado a 1.155 personas

Web diocesana

1.397 reproducciones

¿Qué es la penitencia?

Es la reparación de una injusticia cometida. No debe darse sólo en la mente, sino que debe expresarse en obras de misericordia y en el compromiso con los demás. También con la oración, el ayuno y la ayuda material y espiritual a los pobres se hace penitencia.

Nos seguís en:

Twitter: 3.097 | Facebook: 3.050 | Youtube: 63 | @ 15.995 (visitas web diocesana enero)
instagram: 405 | Google+: 65 | Flickr: 23 (fotos) | Ivoox: 225 (Descargas)

dumio

PUBLICACIÓN MENSUAL DA DIOCESE DE MONDOÑEDO-FERROL

Editores:
Servicio Diocesano de Comunicación

Enderezo Postal
Apdo. 176 - 15480 Ferrol (A Coruña)

Director:
Rubén D. Amor Fernández

Redacción:
Félix Villares
Antonio Valín
Pilar Lourido
Carlos Alonso
Concha Quintela
Ana M. Barro

Deseño e Impresión:
Servicio Diocesano de Comunicación

Enderezo electrónico:
dumio@mondonedoferrol.org

Dumio na WEB:
www.mondonedoferrol.org
En Twitter: @mondonedoferrol
En Facebook: www.facebook.com/mondonedoferrol

Febrero en imágenes

El 31 de enero (ya casi febrero), el padre Luis Ángel de las Heras visitaba, en Mondoñedo, el Centro Asistencial "San Pablo y San Lázaro", atendido, con tanto cariño y dedicación, por las Hijas de la Caridad de San Vicente de Paúl. Allí celebró la Eucaristía, acompañado por el capellán, don José María López García.

Tras la celebración de la Vida Consagrada, el día de la Candelaria, en la Concatedral de San Julián en Ferrol, nuestro Obispo se hacía esta "foto de familia" con las personas consagradas asistentes.

El 3 de febrero, en la Capilla de San Blas en Vilaxoane (Foz), casi se podría decir que teníamos dos obispos presidiendo la celebración eucarística, que fue seguida de una abreviada procesión con el santo debido a las condiciones meteorológicas del mediodía. Por la tarde, parece que el tiempo mejoró y pudo celebrarse bien la romería.

Una feligresa pasa, como marca la costumbre, su pañuelo por el cuello de la imagen de San Blas (protector ante enfermedades de garganta) en la festividad del 3 de febrero, en Vilaxoane.

En la sacristía de la Catedral de Santiago de Compostela, monseñor Julián Barrio, posaba amablemente para Dumio, antes del inicio de la ceremonia de sus Bodas de Plata Episcopales. Asistieron todos los obispos de la Provincia Eclesiástica de Santiago, dos cardenales (monseñores Blázquez y Rouco Varela), el Obispo de Santander y el Arzobispo de Braga. ¡Enhorabuena, don Julián, por esos 25 años como obispo!

Nuestro Obispo, don Luis Ángel, en compañía de su predecesor en la sede de Mondoñedo-Ferrol, monseñor Sánchez Monge, hoy Obispo de Santander; imagen en la sacristía, momentos antes de iniciarse la celebración eucarística de acción de gracias por las bodas de plata episcopales de monseñor Barrio.

Imagen de Nuestra Señora de Lourdes en la Iglesia de Santa Cecilia de Trasancos, donde también con gran solemnidad y presidida por el Sr. Obispo se celebró la Eucaristía en honor a la Virgen, precedida (ya con el templo completamente lleno de fieles) de Exposición del Santísimo y Santo Rosario. Al terminar la Santa Misa, tuvo lugar la tradicional procesión con velas. Concelebraron don Cándido Otero, don José Couce, don Albeiro Ospina, don José María Ladra, don Manuel Ladra, don Ramón Antonio López y don Adelardo González.

Enhorabuena a las cinco Cáritas Diocesanas de Galicia, que acaban de ser premiadas con la Medalla do Parlamento de Galicia 2018, por esa labor de apoyo que realizan a personas y colectivos en situación de precariedad o de exclusión social, a través de su red parroquial, interparroquial, arciprestal y diocesana. La distinción se entregará el próximo 6 de abril, aniversario de la promulgación del Estatuto de Autonomía de Galicia.

Don Luis Ángel, venerando a la Virgen, junto con los sacerdotes concelebrantes en la festividad de Nuestra Señora de Lourdes en el Convento de las Madres Concepcionistas de Viveiro. Se aprovechó la celebración del 11 de febrero para poner la Unción de Enfermos a un numeroso grupo de personas que se habían apuntado con tal fin.

Don Xaquín Campo Freire termina de proclamar el Evangelio en el funeral de su buen amigo don Álvaro Rábade Romeo, fallecido en Modoñedo el pasado 17 de febrero. La ceremonia, presidida por monseñor De las Heras, tuvo lugar en la Capilla Mayor del Seminario Santa Catalina.

Conferencia de la Hna. María del Carmen Morillo (en el centro) en el Colegio de las Hijas de Cristo Rey (en Ferrol), que este año conmemoran el Centenario de la Muerte de su fundador, el Venerable don José Gras y Granollers. Acompañan a Morillo, la Hna. Ana María Rifón (Superiora de la comunidad) y doña Elena Grandal (Directora Pedagógica del colegio). El Encuentro para Familias que organizaron el 20 de febrero llevaba por título: "Tu familia forma parte de un sueño… el sueño de José Gras".